




Achéganse as vacacións de inverno e poucas cousas hai mellores que unha boa lectura que te acolla.

O equipo de biblioteca quere presentarvos as nosas suxestións de lectura para estas datas.

Bibliotecas escolares adica este curso á banda deseñada e nós decidimos facer unha selección do cómic en galego que temos na biblioteca. Moitos son novidades deste trimestre e se pasades a vernos veredes que hai moitos máis agardando por vós.

Só tedes que levar o título máis suxerente para vós para desfrutalo nas vacacións!!

RECORDA QUE
PODES SEGUIR NOS EN:




PLAMBE

RECOMENDACIÓNS DE NADAL

ARDALÉN MIGUEL

Somos o que lembramos. Pero a memoria non é un rexistro obxectivo e inalterable. Sabela intenta reconstruír unha historia, unha parte da súa historia, a través dos recordos de Fidel. Pero hai máis fíos que se van enguedellando nese proceso de recuperación, outras persoas, outras memorias. Lembrar non é inocuo. Pero quen non lembra, non vive.



ANXO PRADO

IRENE A PORTEIRA


Este cómic rescata a historia de Irene González Basanta, unha coruñesa que xogou ao fútbol nos anos vinte do pasado século. Converteuse na porteira e capitá do equipo masculino coruñés ao que deu nome: o Irene F.C.



XULIA PISÓN/ÓSCAR LOSADA

O PUÑO E A LETRA

O primeiro libro da tradición editorial galega que afronta a descuberta do xénero internacionalmente coñecido como Comic Poetry: o diálogo da poesía e a banda deseñada que en galego poderíamos traducir por «Cómico Poético». 40 poemas interpretados en viñetas por 40 dos nomes máis salientables da escena galega.




YOLANDA CASTAÑO

O PACTO DO LETARGO

Os seres e os feitos maravillosos que escapan ás leis da Natureza e a Ciencia están presentes na maioría das crenzas e as relixións. E aparecen sempre agrupados en dúas castes antagónicas: bos e ruíns, anxos e demos, fadas e bruxas..... E o ser humano queda aí, no medio, loitando coa súa propia natureza ambivalente .


MIGUEL ANXO PRADO



BO TEMPO

Unha lectura para gozar e redescubrir unha das figuras indispensables da cultura galega. Este libro achega con gran axilidade e intensidade emocional a vida de Reimundo Patiño en Madrid. O autor reconstrúe pouco a pouco o gran crebacabezas que era Patiño, para amosarnos un retrato do máis humano, desde os actos ata os pensamentos .

ALBERTO DÍAZ



ALDARA

Un misterio que ameaza a vida tranquila dunha aldea afastada no medio do bosque, uns personaxes envelenados polo seu pasado e unha maldición xurdida na natureza.

INÉS VÁZQUEZ



PYONGYANG

Esta tradución do traballo de Guy Delisle ofrece unha ollada persoal, intelixente e irónica sobre un dos países máis herméticos e tiránicos do mundo: Corea do Norte. Retrata como cobra vida a distopía de Orwell en 1984, nunha sociedade submisa rendida á propaganda frenética dun poder paranoico.


GUY DELISLE



PLUS ULTRA

Pepe Pardiñas é un emigrante galego retornado de Suíza con coñecementos do mundo da ufloxía e do paranormal. En pleno debate político entre reforma e ruptura, Pardiñas será quen de albiscar como pode ser o futuro de Galicia e da humanidade.

ALBERTO VARELA



2 VIAXES.

Este álbum gráfico representa o comezo da banda deseñada en Galicia. Os seus autores foron os pioneiros dunha aventura que destaca pola súa orixinalidade e vontade vangardista. Publicado no 1975, hoxe achéganos os ensoñamentos e loitas contraculturais da mocidade a través de dous relatos visuais independentes, cada un co seu peculiar grafismo pero con puntos de contacto soterrados.

XAQUÍN MARÍN E REIMUNDO PATIÑO.

